

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de maio de 2022, polo que se designa presidenta da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia a dona María Elena Candia López

Por acordo da Mesa da Cámara do 18 de maio de 2022, tomouse coñecemento da renuncia de D. Diego Calvo Pouso como vicepresidente 1º deste órgano, polo que queda vacante a presidencia da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia.

Visto o disposto no artigo 24 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018), a Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de maio de 2022, adoptou o seguinte acordo:

1º. Designar presidenta da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia a dona María Elena Candia López, vicepresidenta 1ª da Mesa da Cámara.

2º. Comunicar este acordo á interesada, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2022
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

